



## **SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS**



## IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da citada lei son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.
- b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei teñan dereito a nomear ou a separar á maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

A resolución do 22 de xuño do 2017 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 16 de xuño do 2016 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercantís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir,

presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2018 así como as transferencias da Comunidade Autónoma con que se financian.

#### Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	8.594	400
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	6.904	3.375
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	820	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	1.895	135
Galicia calidade,S.A.	824	20
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.758	40
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	4.834	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	14.855	118
Xenética Fontao, S.A.	3.547	253
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	14.968	1.197
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	97.866	2.544
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	22.981	
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	97.530	9.353
<b>Total</b>	<b>277.376</b>	<b>17.435</b>

(Miles de Euros)

#### Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	25.896
Galicia calidade,S.A.	383	320
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	628	857
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	3.083	0
Xenética Fontao, S.A.	150	0
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	14.566	0
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	105	0
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	0	250
<b>TOTAL</b>	<b>18.914</b>	<b>27.323</b>

(Miles de Euros)